



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 11 DE ABRIL DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as dez horas e cincuenta e nove minutos do día once de abril de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 11 de abril de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202504110859450000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POR MARÍA DOLORES PAN LESTA AO CARGO DE ALCALDESA

Acceso á videoacta – 00:00:36 horas

A Presidencia concede o uso da palabra á Sra. secretaria xeral, quen procede a dar lectura ao escrito presentado por María Dolores Pan Lesta en data 3 de abril de 2025 (entrada 20250000001824) que, entre outras cousas, di:

«(.../...) EXPOSICIÓN

Comunico a miña dimisión como alcaldesa facéndose efectiva a mesma tras celebrarse o pleno no que se de conta da dita dimisión

SOLICITUDE

Solicito se convoque pleno extraordinario para dar conta da miña dimisión como alcaldesa para o vindeiro día 11 de abril ás 11:00 h.»

Continúa a Sra. secretaria e dá lectura ao disposto nos apartados 4 e 5 do artigo 40 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e nos apartados 1 e 2 da Instrución da Xunta Electoral Central 1/2025, do 30 de xaneiro de 2025, que din:

Artigo 40 do RD 2568/1986

“(…) 4. O alcalde poderá renunciar ao seu cargo sen perder por iso a súa condición de concelleiro. A renuncia deberá facerse efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, que deberá adoptar acordo de coñecemento dentro dos dez días seguintes.

En tal caso, a vacante cubrirase na forma establecida na lexislación electoral.

5. Vacante a Alcaldía por renuncia do seu titular, falecemento ou sentenza firme, a sesión extraordinaria para a elección dun novo alcalde celebrarase, cos requisitos establecidos na lexislación electoral, dentro dos dez días seguintes á aceptación da renuncia polo Pleno, ao momento do falecemento ou á notificación da sentenza, segundo os casos. (...)”

Instrución da XEC 1/2025



“(…) 1. Cando se presente escrito de renuncia ou se produza o falecemento ou outro suposto de perda do cargo de concelleiro, alcalde pedáneo, conselleiro comarcal ou doutro cargo representativo local, o Pleno da entidade local da que forme parte tomará coñecemento dela en sesión extraordinaria ou na primeira sesión que se convoque, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral de Zona, durante o período de mandato desta durante as eleccións locais, e á Xunta Electoral Central unha vez concluído o mandato daquela, para os efectos de proceder á substitución, conforme ao disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral, indicando o nome da persoa á que, a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.

2. A renuncia só será efectiva –e por tanto irrevogable– no momento no que o Pleno do Concello tome coñecemento dela, podendo ser retirada a dita renuncia ata ese momento, conforme co declarado pola xurisprudencia constitucional, polo que non cabe proceder á substitución do concelleiro antes de que a dita renuncia sexa efectiva.

Remata a súa intervención a secretaria xeral dicindo que de acordo coa normativa vixente o Pleno debe pronunciarse verbo da toma de coñecemento da renuncia presentada por María Dolores Pan Lesta.

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, á voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, ao voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, á concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes e ao voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Intervén a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, o Pleno municipal, por unanimidade, toma coñecemento da renuncia presentada por María Dolores Pan Lesta ao cargo de alcaldesa.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e un minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

A alcaldesa

(Asinada dixitalmente por quen ostenta o cargo de alcaldesa na data de sinatura da presente acta)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo